

O Consello de Coordinación Universitaria por acordo da Comisión Académica do 17 de xuño de 2003 homologou o plano de estudio de Licenciado en Dereito que se implementa no curso 2003/2004 e que foi publicado mediante resolución rectoral do 25 de xuño de 2003. (BOE do 2 de agosto). Este plano de estudos substitúe o de 1953, plano non reformado e suxeito a distintas directrices xerais.

Mediante resolución rectoral do 18 de xullo de 2003 regulábase a adaptación deste plano de estudos. Sen embargo, como consecuencia dos diferentes casos e para clarificar os aspectos relativos ó Practicum é necesario modificar a anterior resolución. O abeiro das Normas de Xestión Académica e do que o propio plano sinala, a Universidade, trala consulta ó centro, dictará as resolucións necesarias para o seu desenvolvemento e de xeito especial no que se refire ás adaptacións non previstas, polo que

RESOLVO

Primeiro.- O plano de estudos de Licenciado en Dereito de 2003 implantarase nun só ano académico, quedando sen dereito a docencia pero con dereito a exame o plano de Licenciado en Dereito de 1953 que se extinguirá no ano académico de 2005/2006, último ano con dereito a exame para os alumnos que non se adapten ó novo plano de estudos.

Segundo.- Os alumnos poderán adaptarse ó plano de estudos por Ciclo ou materia por materia segundo á táboa de adaptacións que figura como ANEXO a esta resolución.

Terceiro.- Adaptación do Primeiro ciclo:

1. Considerase que teñen aprobado o primeiro ciclo do plano de 1953, ós efectos da adaptación ó plano novo, o alumnado que teña superado as materias obrigatorias de primeiro segundo e terceiro curso do plano de estudos de 1953.
2. Ó alumnado que realice a adaptación por ciclo adaptaráselle a materia troncal *Dereito Eclesiástico do Estado*, do segundo ciclo, por ter superada a materia do plano de 1953 Dereito Canónico e non poderá cursar as materias optativas do segundo ciclo do plan renovado que teñen a súa equivalencia en materias do primeiro ciclo do plano vello: *Dereito Matrimonial Canónico e Concordado e Dereito Local*.
3. O alumnado deberá cursar no segundo ciclo do plano renovado, xunto coas materias troncais e obrigatorias do segundo ciclo que non tivese adaptado, ás materias troncais e obrigatorias do primeiro ciclo do plano 2003 que cambiaron de ciclo en relación ó plano vello co obxecto de mante-la coherencia académica e curricular dos estudos. Estas materias son: *Introducción ó Dereito Procesual; Dereito Procesual I; Dereito Civil IV -Reais; Dereito Financeiro e Tributario I; Dereito Financeiro e Tributario II; Dereito do Traballo e da Seguridade Social I; Dereito do Traballo e da Seguridade Social II; Dereito Mercantil I; Dereito Mercantil II*.



Cuarto.- Adaptación materia a materia.

1. As materias optativas superadas polos alumnos adaptaranse co mesmo nome e polo número de créditos que teñen asignado na Resolución do 5 de marzo de 2001 de equivalencias de materias para a libre elección.
2. No caso de que un alumno non teña necesidade de computar-la totalidade dos créditos dunha determinada materia optativa para completa-la optatividade estipulada no plano de estudos, poderá computar ese exceso como créditos de libre configuración.
3. Tódalas materias do plano de 1953 terán a equivalencia en créditos que establece a Resolución de 5 de marzo de 2001. O exceso de créditos das materias do plano de 1953 respecto do total de créditos das materias equivalentes do plano 2003 adaptaranse como créditos optativos ou de libre elección, coa denominación de Ampliación de + o nome da materia de procedencia do plano vello.
4. As materias ou créditos optativos e de libre elección adaptados quedan vinculados ó plano de estudos.
5. As materias ou créditos optativos adaptados ou que se recoñezan sen equivalencia no plano de estudos do 2003 poderán computarse ós efectos de obter unha orientación sempre que a área de coñecemento ás que estiven vinculadas se corresponda coa área ou áreas de coñecemento que sustenta a orientación.
6. As materias do plano de 1953 que non teñen equivalencia así como as ampliacións a que fai referencia o parágrafo cuarto.3 quedan vinculadas ás orientacións do plano reformado segundo se indica a continuación:

Materias do plano 1953 sen equivalencia	Orientacións
Dereito Romano; Dereito Privado Romano	Orientación de Dereito Privado
Dereito Natural; Dereito Público I; Dereito Canónico; Dereito Penal I; Dereito Procesual II; Filosofía do Dereito; Teoría do Estado; Relacións entre Igrexa e Estado; Disciplinas afines e temas específicos de Filosofía do Dereito	Orientación de Dereito Público
Dereito Procesual I	Orientación de Dereito Público e/ou O. De Dereito Privado
Economía Política	Orientación de Dereito Público e/ou O. De Dereito da Empresa
Dereito Civil I; Dereito Civil IV	Orientación de Dereito Privado e/ou O. De Dereito da Empresa



Quinto.- Adaptación do PRACTICUM .-O Centro poderá realizar unha adaptación singular do Practicum para que o alumnado non repita aquelas partes do mesmo que xa ten cursado.

1. **Adaptación Intgra do Practicum.-** O alumnado que teña superado toda-las materias do plano de 1953 afectadas polo prácticum, agás dúas, adaptaráselle íntegramente o prácticum.

1.1 As materias do plano de 1953 afectadas polo prácticum son tódalas obrigatorias agás as que de seguido se relacionan: Dereito Romano, Economía Política, Historia do Dereito; Dereito Natural; Filosofía do Dereito; Dereito Canónico e Facenda Pública.

2. O Centro poderá recoñecer parcialmente o practicum relativo ás prácticas internas (7 créditos) de acordo cos seguintes criterios:

2.1. Poderá recoñecérselle ás prácticas internas do Practicum ó alumnado que teña superado ás materias do primeiro ciclo do plano de 1953 afectadas polo Practicum . Neste caso só deberán realiza-las prácticas externas (8 créditos).

2.2. No caso de ter superado as materias de primeiro e segundo curso do plano de 1953 afectadas pola realización de prácticas poderá recoñecerselle ata 3.5 créditos das prácticas internas debendo realizar os restantes 3.5 créditos das prácticas internas e os 8 créditos das externas.

2.3. Este recoñecemento parcial das prácticas internas do Practicum non terá efectos no expediente dos alumnos ata que non realicen a súa adaptación íntegra, debendo polo tanto matricularse do Practicum e liquidar os prezos públicos correspondentes.

Sexto.- Acceso ó segundo ciclo.- O estudiantado deberá ter superado o 60 % dos créditos troncais e obrigatorios do primeiro ciclo (88 créditos) para matricularse de materias do segundo ciclo. O alumnado do plano a extinguir que adapte algunha materia do segundo ciclo non terán que ter superados os 88 créditos troncais e obrigatorios para matricular materias do segundo ciclo.

Disposición Adicional Primera .- As áreas de Coñecemento vinculadas ó Practicum son: Dereito Administrativo, Dereito Civil, Dereito Constitucional, Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Dereito Financeiro e Tributario, Dereito Internacional Privado, Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais, Dereito Mercantil, Dereito Penal, Dereito Procesual.

Disposición Adicional Segunda.- As materias troncais do plano de estudos do 2003 que non están afectadas polo Practicum son: Teoría do Dereito; Filosofía do Dereito; Historia do Dereito Español; Dereito Romano; Economía Política e Facenda Pública I; Economía Política e Facenda Pública II Dereito Eclesiástico do Estado.

Disposición transitoria.- Matrícula do Practicum.- Poderán matricularse do Practicum os alumnos que tra-la adaptación teñan superadas toda-las materias




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

troncais e obrigatorias do pimeiro ciclo afectadas polo Practicum. Excepcionalmente autorizarase a matrícula no Practicum, no presente curso 2003/2004, ós alumnos que tra-la adaptación lles falte un máximo de 60 créditos de materias troncais e obrigatorias afectadas polo Practicum.

Disposición Derogatoria.- Esta resolución deixa sen efectos a resolución do 18 de xullo de 2003 de adaptación do Plano de estudos de Dereito do 2003

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2003

O RECTOR



Senén Barro Ameneiro

Sr. Vicerrector de Organización Académica e Profesorado, Sr. Secretario Xeral, Sr. Decana da Facultade de Dereito, Sr. Secretario Xeral Adxunto, Sra. Xefa da Asesoría Xurídica, Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sr. Xefe da UXA do Campus Sur, Sr. Responsable Académico do SEIN e Sr. Director do COIE.



TÁBOA DE ADAPTACIÓN DE LICENCIADO EN DEREITO

Materias Plano 1953	Curso	Materias Plano de Estudos 2003	Crd.
Dereito Romano (17)	1º	Dereito Romano Ampliación de dereito Romano	T 7.5 Op 9.5
Dereito Natural (14)	1º	Teoría do Dereito + Teoría dos Dereitos Humanos + Ampliación de Dereito Natural	T 6 Op 4,5 Op 3.5
Historia do Dereito (14)	1º 1º	Historia do Dereito Español + Historia das Institucións Político- Administrativas	T 7.5 Op 6
Dereito Político I (11)	1º	Dereito Constitucional I Ampliación de Dereito Político	T 9 Op 2
Economía Política (11)	2º	Economía Política e Facenda Pública I + Ampliación de Economía Política	T 4.5 Op 6.5
Dereito Canónico (11)	4ª 5º	Dereito Eclesiástico do Estado + Dereito Matrimonial Canónico e Concordado+ Ampliación de Dereito Canónico	T 4.5 Op 4.5 Op 2
Dereito Civil I (11)	1º	Dereito Civil -Persoa + Ampliación de Dereito Civil I	T 4.5 Op 6.5
Dereito Penal I (11)	2º	Dereito Penal I + Ampliación de Dereito Penal I	T 9 Op 2
Dereito Político II (11)	2º 2º	Dereito Constitucional II Dereito Público Autonómico	T 7.5 Ob 4.5
Dereito Civil II (14)	2º 2º 3º	Dereito Civil II-Obrigacións e Contratos I Dereito Civil III-Obrigacións e Contratos II Dereito de Danos	T 4.5 T 4.5 Op 4.5
Dereito Penal II (11)	3º 3º	Dereito Penal II Dereito Penal Económico	T 7.5 Op 4.5
Dereito Administrativo I (11)	3º 5º	Dereito Administrativo I Dereito Local	T 9 Op 4.5
Dereito Internacional Público (11)	2º 2º 3º	Dereito Internacional Público Institucións de Dereito Comunitario Dereito do Mar	T 9 T 6 Op 4.5
Facenda Pública (11)	1º 2º	Economía Política e Facenda Pública II + Contabilidade Empresarial e Pública	T 4.5 Op 6
Dereito Administrativo II (11)	4º 4º 5º	Dereito Administrativo II + Dereito Administrativo III + Urbanismo e Medio Ambiente	T 4.5 T 4.5 Op 6
Dereito Procesual I (11)	1º 3º	Introducción ó Dereito Procesual + Dereito Procesual I + Ampliación de Dereito Procesual I	T 4.5 T 4.5 Op 2
Dereito Civil III (14)	3º 4º 5º	Dereito Civil IV-Reais + Dereito Rexistral + Dereito Agroalimentario	T 6 Op 4.5 Op.4.5



Dereito Financeiro e Tributario (11)	3º 3º 4º 4º 4º	Dereito Financeiro e Tributario I + Dereito Financeiro e Tributario II + Dereito Financeiro e Tributario III + Dereito Orzamentario + Dereito Financeiro Autonómico e Local	T 4.5 T 4.5 T 7.5 Op 4.5 Op 4.5
Dereito do Traballo (11)	3º 3º 4º	Dereito do Traballo e da Seguridade Social I + Dereito do Traballo e da Seguridade Social I I+ Procedemento de Solucións de Conflictos Laborais	T 4.5 T 4.5 Op 4.5
Dereito Mercantil (11)	3º 3º 4º	Dereito Mercantil I + Dereito Mercantil II+ Dereito de Cooperativas	T 4.5 T 4.5 Op 4.5
Dereito Civil IV (14)	4º 4º	Dereito Civil V Familia e Sucesións +Matrimonio e Rexímenes Económico Matrimoniais + Ampliación de Dereito Civil IV	T 6 Op 4.5 Op. 2.5
Dereito Procesual II (11)	4º	Dereito Procesual II + Ampliación de Dereito Procesual II (Créditos optativos)	T 7.5 3.5
Dereito Mercantil II (11)	4º 5º	Dereito Mercantil III + Banca, Bolsa e Seguros	T 7.5 Op 4.5
Dereito Internacional Privado (11)	4º 5º	Dereito Internacional Privado + Espacio Xudicial Europeo	T 9 Op 4.5
Filosofía do Dereito (11)	5º 5º	Filosofía do Dereito + Historia da Ciencia Xurídica + Ampliación de Filosofía do Dereito	T 4.5 Op 4.5 Op 2
Dereito Agrario e Dereito Foral Galego	4º	Civil de Galicia	Ob. 4.5
		Practicum	T 15
Relacións entre a Igrexa e o Estado (5.5)		Relacións entre a Igrexa e o Estado	Op 5.5
Historia do Dereito Privado , Penal e Procesual (5.5)	1º	Historia do Dereito Privado , Penal e Procesual	Op 5.5
Dereito Industrial e dos bens inmateriais	5º	Propiedade intelectual, Industrial e Dereito da Competencia	Op 6
Criminoloxía e Ciencia Penitenciaria	3º	Criminoloxía e Ciencia Penitenciaria	Op 5.5
Disciplinas afíns e temas espe. De Filosofía do Dereito (5.5)		Disciplinas afíns e temas espe. De Filosofía do Dereito	Op5.5
Economía Política 5.5		Análise Económica do Dereito	Op 4.5
Relacións Internacionais	3º	Dereito Internacional dos dereitos Humanos	Op 4.5
Dereito Comparado	5º	Dereito Privado Comparado	Op 4.5
Dereito Privado Romano 5.5		Dereito Privado Romano	Op 5.5
Economía Financeira e Dereito Financeiro	2º	Economía do Finanzamento Público	Op 4.5
Medicina Legal	3º	Medicina Legal	Op. ...5
Teoría do Estado 5.5		Teoría do Estado	Op 5.5